CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Recoñece a influencia do encontro con algunhas persoas significativas na construción da identidade persoal.		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Analiza situacións de inxustiza na súa contorna e propón accións en favor dos máis desfavorecidos.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Analiza obras de arte comprendendo o significado dos símbolos e a experiencia relixiosa que as xerou e o que transmiten.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión.</li> <li>- Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.</li> <li>- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.</li> <li>- A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.</li> <li>- María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.</li> <li>- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.</li> <li>- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradição cristiá.</li> <li>- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.</li> <li>- Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.</li> <li>- Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Unha Igrexa que sae ao encontro	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Extrae conclusións sobre a ecodpendencia do ser humano á luz da ecoloxía integral e das conclusións do Sínodo da Amazonía.	TI	100
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Relaciona o anuncio do Reino de Deus coa misión que Xesús encomendou aos seus discípulos e á Igrexa.		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Implícase en proxectos de axuda a persoas necesitadas.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Comprende as redes sociais e o mundo dixital como unha expresión cultural contemporánea coa que o Evanxeo tamén pode dialogar.		
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Coñece que o diálogo interrelixioso e o ecumenismo son consecuencia do mandato de Xesús.		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Comprende a fe como unha resposta ao encontro persoal con Xesús que se vive na comunión de fe coa Igrexa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.

## Contidos

- Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus.
- Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.
- A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica.
- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.
- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá.
- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.
- A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.
- Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.
- Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias clave do Perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese do alumnado, lles permitan construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias.

As situacións de aprendizaxe representan una ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, as devanditas situacións deben estar ben contextualizadas e seren respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas cuxa resolución conduza á construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o aprendido en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, permiten aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, ás características e aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Do mesmo xeito, o deseño destas situacións debe supor a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propor tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto proposto. E a súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. Así, as situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o



alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendimento e á aplicación dos saberes. E será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todo o alumnado para detectar necesidades específicas e propor accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado.

A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe, onde a materia de Relixión Católica confire una insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación. Así, as orientacións metodolóxicas de cara á avaliación harmonizarán de forma coherente coas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe, en cuxas secuencias de aprendizaxe se seguirán pasos tales como:

- Partir da experiencia concreta do alumnado, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio da Igrexa, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios da doutrina social da Igrexa;
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversas linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA), ou, polo menos os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva consecución das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da ESO.

Por último, cabe engadir que ao inicio de cada clase establécese un tempo, non superior a 3 minutos, para recordar o traballado na clase anterior.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador de aula
Encerado dixital
Altosfalantes

Web do centro
Aula Virtual
Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano II...)
Recursos da biblioteca do centro
Recursos dixitais (cancións, curtas, presentacións, documentais...)
Carpeta persoal do alumnado co material entregado pola profesora
Estoxo do alumnado
Biblia
Revistas e diarios
Recursos didácticos (editorial PPC, San Pablo, CCS...)
Dinámicas e xogos
Comentarios de texto

Empregaranse os recursos de que dispoñemos no centro (biblioteca, departamento), tanto en formato papel, como en soporte dixital.

A profesora manterá actualizada a Aula Virtual, onde o alumnado terá á súa disposición aqueles recursos que lle permitan seguir as clases en caso de ausencia ao centro.

O alumnado asistirá á aula co necesario (carpeta e estoxo) e terá a responsabilidade de custodiar o material entregado pola profesora sen extravialo nin estragalo.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao ser a Relixión unha materia de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumno, estes poden acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é necesario que acrediten coñecementos previos. Con todo, tomarase información dos coñecementos do alumnado, ao comezo do curso, a través dun cuestionario de xeito informal.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	30	30	30	30	30	30	0	<b>22</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	70	70	70	70	70	70	100	<b>78</b>

#### Criterios de cualificación:

É importante insistir en que a fe do alumno non é o obxecto de avaliación, así pois, esta haberá de respectar a intimidade da conciencia persoal, que obriga ao educador a avaliar tan só certos aspectos do ensino relixioso. A nota de cada avaliación calcularase da seguinte forma:

0,5% corresponde á participación respectando a quenda de palabra, así como as opinións do resto do grupo. Así, en relación á actitude, será conveniente avaliar se o alumnado vai poñendo en práctica aquilo que é fundamental na materia de relixión: a adquisición de valores que son necesarios para unha convivencia respectuosa e harmónica cos demais, fortalecendo un espírito crítico e solidario.

10% corresponde a lectura.

15% corresponde a un traballo por trimestre relacionado coa temática que se está a traballar.

20% corresponderá a unha proba escrita sobre os coñecementos adquiridos.

50% corresponderá ao traballo na clase, tanto individual como en grupos, realizado polo alumnado, que será medido a través de rúbricas e rexistros de control. Valorarase por orde de importancia: o uso e elaboración de información, a adecuación do contido ao esquema proposto, a boa redacción (libre de faltas de ortografía), a orde e limpeza dos traballos e o sentido creativo e crítico do alumnado. Ademais, o devandito traballo diario ha de recollerse nunha carpeta que conterá todas as actividades propostas, así como as conclusións dos debates, postas en común, apuntes de clase, traballos persoais, etc. realizados durante o curso. A devandita carpeta entregarse á profesora para a cualificación de cada unha das avaliacións.

A nota da avaliación final calcularase facendo a media das notas reais (sen redondeo) das tres avaliacións parciais.

Lémbrese que para superar a materia é preciso obter unha cualificación mínima de 5 na avaliación final, que se acha calculando a media ponderada das tres avaliacións parciais. Con todo, requírese un mínimo de 2,5 para achar a nota media.

Por outra banda, no boletín a nota reflíctese cun número enteiro polo tanto se a nota supera as 5 décimas, redondearase ao número enteiro superior e no caso de que non chegue ás 5 décimas, o redondeo será ao enteiro inferior.

No caso daquel alumnado en situación de atención domiciliaria, enviaráselle material para traballar polo medio máis conveniente segundo a situación (Aula Virtual, correo electrónico, formato papel e aquelas outras vías que o D.O. recomende), así como unha proba escrita ao remate de cada avaliación parcial, que deberán reenviar cumprimentada, ben polos medios telemáticos ofrecidos pola Consellería, ben de maneira presencial. Así, a cualificación final dependerá dese traballo debidamente cumprimentado e mais da proba escrita a un 50% cada unha. Mentres que no caso daquel outro alumnado que, por prescrición médica, non poida acudir ao centro, estes serán atendidos a través da Aula Virtual do Centro e por aqueles outros medios que a Consellería de Educación indique. Ademais, no caso de non dispor de medios dixitais, o material seralles enviado en formato papel, en caso de alongarse esta situación. E as devanditas tarefas deberán vir debidamente cumprimentadas unha vez se incorporen ao Centro. Do mesmo xeito, no caso de realizarse unha proba durante a súa ausencia por causa que se poida considerar xustificada, estes realizarán a devandita proba tan axiña como se incorporen ao centro, se a profesora o estima oportuno xustificadamente, atendendo a criterios pedagóxicos e organizativos.

Por último, cando o alumnado sexa sorprendido nunha acción fraudulenta, isto é, copiar ou plaxiar, non lle será puntuada esa parte. A profesora valorará a pertinencia de realizar outra proba ou permitir a entrega de un novo traballo.

### **Criterios de recuperación:**

Dado que o proceso de avaliación do alumnado é continuo, as dificultades poderán ser detectadas con rapidez, facilitando que o alumnado se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos.

No caso de que a media das tres avaliacións non acadase a nota de 5 despois do redondeo, programárase traballo de recuperación encamiñado a que o alumnado supere as dificultades e poida aprobar a materia. O devandito traballo corresponderá á parte non acadada.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Atendendo ao artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade, elaborárase un plan de reforzo para alumnado con materia suspensa, que será personalizado e consistirá nun caderno de fichas que o alumno deberá ir cumprimentando ao longo do curso. As respostas revisaranse con frecuencia para detectar os posibles problemas e realizar os axustes necesarios.

Con todo, na materia de Relixión poden darse dúas situacións:

- Alumnado coa materia pendente do curso anterior e que segue cursándoa.
- Alumnado que non siga cursando a materia de Relixión.

No primeiro caso, valorárase na primeira avaliación parcial se o alumnado vai acadando o grao mínimo a acadar nos criterios de aprendizaxe co rendemento no actual curso. Esa valoración farase mediante as rúbricas establecidas no desenvolvemento das clases habituais.

No segundo caso, este alumnado realizará unhas fichas de traballo (plan de reforzo) que deberá entregar ao remate da primeira e segunda avaliación parciais. Se non conseguisen superar deste xeito a materia pendente terán unha proba escrita.

En calquera caso, os plans para a superación e a avaliación da materia valoráranse coas rúbricas propias do nivel que lle quedou pendente a este alumnado. E a nota será a que corresponda tendo en conta o caderno de fichas (plan de reforzo) sobre 10 puntos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

No ensino da Relixión existe o convencemento de que cada persoa é única, diversa e irrepetible polo que a atención á diversidade está sempre presente. Habitualmente ocorre que entre o alumnado hai quen presenta necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física ou mental, mentres que outros necesitan axudas técnicas e, tamén, os hai que están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude.

En todo caso seguiranse as directrices que marque o Plan Xeral de Atención á Diversidade do Centro, así como os diferentes protocolos que ofrece a Consellería. Como é evidente, traballarase en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía coa profesora de Pedagogía Terapéutica.

O alumnado de calquera das problemáticas deberá amosar un mínimo interese por acadar as competencias clave e os obxectivos e competencias e poñer o esforzo do que sexa capaz, así como unha actitude correcta fronte á materia, ao profesorado e aos compañeiros.

Máis concretamente, por experiencia de cursos anteriores, pódense presentar os seguintes casos: alumnado procedente doutra comunidade autónoma ou país, con TDAH, con TEA, con Trastorno Mixto de Aprendizaxe, con problemas de psicomotricidade, con dificultades auditivas ou visuais, alumnado fortemente desmotivado ou excesivamente motivado, alumnado con problemáticas emocionais, alumnado con diabetes, asma, epilepsia, alerxias, entre outras.

En primeiro lugar, convén sinalar que se seguirán as medidas establecidas nos protocolos correspondentes. En segundo, lugar, debe lembrarse que a cada alumno/a lle será asignado un posto segundo consideren a xefa do Departamento de Orientación e as persoas titoras; mais esta distribución na clase de Relixión xa non serve, pois non

todos os alumnos/as do grupo cursan esta materia nin tampouco pertencen todos ao mesmo grupo-clase. Unha vez dito isto, nestes casos aplicaranse as seguintes medidas:

1. Facer sentar ao alumno/a no lugar máis axeitado da aula de acordo ás súas necesidades psicomotrices, auditivas, visuais ou de calquera outro tipo.
2. Adaptar os criterios de corrección.
3. Titorizalo/a con algún outro alumno/a cuxas calidades sociais e destrezas o permitan, atendendo sempre ao establecido nos Protocolos.
4. Valorar e agradecer publicamente os seus acertos e minimizar os erros.
5. Atraer e manter a súa atención e motivalo buscando a súa participación.
6. Darlle máis tempo para realizar as tarefas.
7. Fragmentar as tarefas.
8. Empregar Internet sempre que o alumno/a poida usar a rede para facer traducións, realizar actividades motivadoras e correctoras ou traballar en grupo.
9. Insistir na colaboración coa Titoría, co Departamento de Orientación, coa Xefatura de Estudos e coa familia nos casos máis reincidentes e incontrolables.

Así, pois, a metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para formular propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a: enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social; á adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade; ao crecemento interior e de proxecto vital; ofrecer ferramentas de expresión das propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivas e interculturais.

Foméntanse procesos pedagóxicos accesibles para todos pola variedade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese xeito se garante o desenvolvemento de todos, se favorece a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todo o alumnado. É dicir, trátase de contemplar a diversidade do alumnado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos. Así, nos materiais do curso inclúense propostas de atención á diversidade para todos os contidos.

Por último, en cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, elaborárase un plan específico personalizado que incida nas dificultades detectadas no curso anterior para aquel alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como unha materia máis nos proxectos de interdisciplinariedade e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación da relixión con outras disciplinas especialmente Lingua, Historia, Xeografía, Educación Plástica e Visual, etc.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Tapóns solidarios Fundación Seur	Recollida de tapóns de plástico para conseguir financiación para a compra de aparatos que melloren as condicións de vida de menores con singularidades.	X	X	X
Visita a Santiago	Saída cultural de un día de duración (catedral, museos...)		X	
Proxecto interdisciplinar: creación dun invernadoiro e un composteiro	Actividade en colaboración con outros departamentos dentro da promoción dunha cidadanía global con sentido (coidado da casa común)	X	X	X

**Observacións:**

A estas actividades poden engadirse outras que xurdan ao longo do curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programación
Medidas de atención á diversidade
Planificación da situación de aprendizaxe
Outros
Avaliación

### Descrición:

Se a programación se axusta ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

A estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais, planificouse a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo, utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias, se se adecúa aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

Se reflexionei e avaliei o meu labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía...) cando foi necesario, se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación sistemática, probas escritas ou orais, producións do alumnado, escalas de valor), se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens.

Dado que o departamento é unipersonal e non hai que coordinarse con outros profesores, o devandito seguimento farase ao remate de cada UD completando os datos que aparecen na aplicación. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións de cara á programación do seguinte curso académico no que estaremos máis familiarizados coa aplicación.

## 9. Outros apartados

